

FINANCIAMENTO LOCAL

A participación nos ingresos do estado (PIE)
As contas das facendas locais

O pasado mes de xuño, coa aprobación definitiva da Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2012, quedaron fixadas as contías definitivas que, como Entrega a Conta, lle corresponden aos concellos no marco da Participación dos Ingresos do Estado. Explicamos o cálculo feito no que atinxe aos concellos galegos.

No mes de xaneiro, os concellos empezaron a percibir unhas cantidades provisionais como consecuencia da prórroga dos Orzamentos do Estado. Coa aprobación da Lei, estas cantidades foron recalculadas, en base aos datos definitivos contidos na mesma. Como resultado disto, os concellos galegos, un ano máis, percibirán unha cantidade substancialmente inferior á media estatal. Os municipios da nosa Comunidade reciben de media 170 Euros por Habitante fronte aos 210 Euros por Habitante da media estatal.

A cantidade global a repartir en concepto de entrega a conta ascende a un total de **9.364 Millóns de Euros**, dos que **3.735 Millóns de Euros** corresponden a concellos integrados no Réxime Xeral e **5.629 Millóns de Euros** aos municipios acollidos ao Réxime de Cesión.

Nestas cantidades inclúense as percibidas polos concellos das Comunidades Autónomas do País Vasco e Navarra, que non se terán en conta para o estudo posterior, polo seu réxime diferente con respecto aos restantes concellos.

O Modelo mantén as mesmas premisas que nos últimos anos. A consolidación indirecta do sistema aplicado ata o ano 2004 fai que os seis concellos maiores de 500.000 Habitantes (Galicia non conta con ningún) sexan sendo notablemente favorecidos polo sistema de reparto, dado que representando o 17 % da poboación perciben o 32 % da participación, practicamente o dobre.

En todos os demais tramos de poboación, a Participación global percibida e porcentualmente menor á representatividade da súa poboación, especialmente destacable nos estratos poboacionais entre 1.000 e 50.000 Habitantes, onde a diferenza entre o peso específico da poboación e o peso específico da Participación oscila entre 2 e 3 puntos porcentuais.

O tramo que percibe unha menor contía é no que se sitúan os concellos entre 1.000 e 5.000 habitantes, por debaixo dos 140 € por habitante. Nos concellos que teñen unha poboación entre 5.000 e 500.000 habitantes, a media sitúase entre os 150 € por habitante

do tramo inferior ata preto dos 200 € por habitante dos concellos que superan os 100.000 habitantes pero que non chegan aos 500.000 habitantes, producíndose o gran salto neste último tramo, no que os municipios superan de media os 400 € por habitante.

Tamén hai que apuntar que, especialmente no modelo de réxime xeral, prodúcense uns resultados moi heteroxéneos nos distintos concellos, por mor da aplicación dos criterios de reparto, especialmente nos tramos inferiores, como poderemos apreciar no caso galego.

Ao longo dos anos de vixencia deste modelo entendemos que se puxeron de manifesto diversas ineficiencias que é preciso apuntar, porque nun período no que é máis necesario que nunca facer unha axustada e adecuada distribución dos recursos, nos últimos anos notablemente máis escasos, o sistema de reparto non cumpre esta premisa en diversos aspectos.

Así, e como xa se citou, a consolidación da esaxerada prima aos concellos con maior número de poboación provoca un notable desequilibrio entre as cantidades que perciben aqueles e os restantes concellos, que se ven manifestando nos resultados de practicamente todos os anos do período. Por outra banda, e no sistema de reparto xeral, séguese a manter eses coeficientes, que priman aos concellos con maior número de habitantes.

En canto ao esforzo fiscal, entendemos que non se cumpre o obxectivo pretendido, e que non é máis que incentivar á corresponsabilidade fiscal entre os concellos. Pola contra, prima a aqueles concellos que xa de por si teñen unha capacidade económica motivada pola súa propia conxuntura, e que en moitos casos non depende da marxe fiscal que os propios municipios poden aplicar atendendo ao disposto na Lei. O que produce este feito é unha discriminación positiva favorable a aqueles concellos que dispoñen de maiores posibilidades para obter ingresos a través dos tributos propios, prexudicando a aqueles que xa de por si non teñen ese contexto, o que finalmente redunda nun maior desequilibrio entre os distintos concellos.

Pero máis cuestionable e inxusto, se cabe, e o criterio do Inverso da Capacidade Tributaria, que ocasionou graves problemas estruturais nun importante número de concellos de Galicia, especialmente da Provincia de Pontevedra. As revisións catastrais que se produciron en moitos destes municipios tiveron como consecuencia unha minoración importante das contías que percibían en concepto de Participación nos Ingresos do Estado por efecto deste criterio, e motivaron a obriga de devolución de importantes contías anteriormente percibidas, e un decrecemento das entregas a conta dos anos posteriores, moito máis elevadas que os ingresos que puideran obter polo feito de realizar a revisión. Isto produciu un grave desaxuste financeiro deses concellos por casuísticas alleas a súa xestión.

0 caso Galego

En Galicia, a Entrega a Conta para o Ano 2012 para todos os concellos galegos ascenderá a **475,5 Millóns de Euros**, dos que **189 Millóns** corresponden aos 6 concellos integrados no réxime de cesión e **286 millóns** aos 309 do réxime xeral.

No tramo de concellos menores de 1.000 Habitantes (20 concellos), a media percibida por cada concello é de 162 Euros por Habitante. Pero é destacable que, mentres 4 concellos deste tramo perciben máis de 200 € por habitante, 3 están por debaixo dos 140 € per cápita.

No Tramo de concellos entre 1.000 e 5.000 habitantes hai tamén diferenzas notables. Aínda que a media é de 144 € por habitante, atopamos ata 23 concellos dos 179 que conforman o tramo que perciben menos de 130 € por habitante. Por outra banda 9 concellos perciben máis de 170 € por habitante, e un deles supera incluso os 300.

No Tramo de concellos entre 5.000 e 10.000 Habitantes, conformado por 58 concellos, a media está en torno aos 153 € por habitante, pero 3 concellos están por debaixo dos 140 € por habitante, mentres que 4 están por enriba dos 170 € por habitante.

Os concellos entre 10.000 e 20.000 Habitantes, 36 en Galicia, perciben 150 € por habitante de media. O reparto é máis homoxéneo con respecto aos anteriores, dado que tan só 2 concellos perciben unha cantidade inferior aos 140 € por habitante e outros dous, unha cantidade superior aos 160 € por habitante.

No tramo dos 20.000 a 50.000 habitantes, no que están integrados 15 concellos, a media sitúase nos 162 € por habitante, percibindo todos os concellos cantidades entre 150 e 170 € por habitante.

No Tramo de 50.000 a 75.000 Habitantes só hai un concello galego, que recibe en torno aos 188 € por habitante, o mesmo que a media dos 3 concellos integrados no tramo de 75.000 a 100.000 habitantes, aínda que neste caso, perciben entre 176 e 203 € por habitante.

Finalmente, os 3 concellos maiores de 100.000 Habitantes de Galicia perciben de media 210 € por habitante, cun mínimo de 204 e un máximo de 219 € por habitante.

Como dato, hai que apuntar que tan só 7 dos 315 concellos galegos percibe por habitante unha cantidade superior á media estatal.




DATOS XERAIS PIE

- > O Artigo 142 da Constitución Española di que as Facendas Locais deberán dispor dos medios suficientes para o desenvolvemento das funcións que a Lei atribúe ás Corporacións Locais respectivas, e se nutrirán fundamentalmente de tributos propios e da participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas.
- > O Modelo actual da Participación nos Ingresos do Estado está vixente dende o ano 2004, e establece dous modelos diferenciados, Modelo Xeral (reparto por variables) e Modelo de Cesión (Cesión de Impostos máis Fondo Complementario de Financiamento). Ambos modelos prevén tamén a compensación polas perdas derivadas da supresión do IAE.
- > É o noveno ano de aplicación deste modelo de reparto, cando o habitual era que tiveran unha vixencia de catro ou cinco anos. Isto está creando unhas importantes ineficiencias no reparto, máis se cabe, tendo en conta no contexto no que nos atopamos.
- > A Participación nos Ingresos do Estado representa aproximadamente o 25 % dos ingresos correntes dos concellos.

EN NÚMEROS:

A PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO (PIE)




PARTICIPACIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS (Concellos Réxime Xeral e de Cesión Incluídas cantidades do IAE)

COMUNIDADES	Poboación	Total Participación €	% Poboación	% Participación	€/Habitante
Andalucía	8.424.102	1.660.962.426	18,99%	17,75%	197,17
Aragón	1.346.293	315.923.007	3,03%	3,38%	234,66
Asturias	1.081.487	199.196.659	2,44%	2,13%	184,19
Baleares	1.113.114	188.971.043	2,51%	2,02%	169,77
Canarias	2.126.769	384.046.255	4,79%	4,10%	180,58
Cantabria	593.121	102.688.176	1,34%	1,10%	173,13
Castilla-León	2.558.463	433.674.975	5,77%	4,63%	169,51
Castilla-La Mancha	2.115.334	324.543.560	4,77%	3,47%	153,42
Cataluña	7.539.618	1.940.543.271	16,99%	20,73%	257,38
Ceuta	82.376	14.628.269	0,19%	0,16%	177,58
Extremadura	1.109.367	175.954.999	2,50%	1,88%	158,61
Galicia	2.795.422	475.478.160	6,30%	5,08%	170,09
Madrid	6.489.680	1.836.128.962	14,63%	19,62%	282,93
Melilla	78.476	14.178.466	0,18%	0,15%	180,67
Murcia	1.470.069	249.410.358	3,31%	2,66%	169,66
La Rioja	322.955	54.612.182	0,73%	0,58%	169,10
Valencia	5.117.190	989.046.677	11,53%	10,57%	193,28
TOTAL	44.363.836	9.359.987.446	100,00%	100,00%	210,98

PARTICIPACIÓN CONCELLOS POR TRAMOS DE POBOACIÓN (Concellos Réxime Xeral e de Cesión Incluídas cantidades do IAE)

Tramos de Poboación Habitantes	Nº Municipios	Poboación	TOTAL PARTICIPACIÓN	% Poboación	% Participación	€/Habitante
Ata 100	1.035	61.379	9.365.260	0,14%	0,10%	152,58
Entre 101-1.000	3.533	1.330.571	191.626.689	3,00%	2,05%	144,02
Entre 1.000-5.000	1.796	4.156.339	576.759.205	9,37%	6,16%	138,77
Entre 5.001-10.000	523	3.646.806	563.050.317	8,22%	6,02%	154,40
Entre 10.001-20.000	329	4.664.358	724.001.105	10,51%	7,74%	155,22
Entre 20.001-50.000	239	7.052.976	1.183.631.276	15,90%	12,65%	167,82
Entre 50.001-75.000	48	2.981.428	541.466.104	6,72%	5,78%	181,61
Entre 75.001-100.000	32	2.735.177	474.149.105	6,17%	5,07%	173,35
Entre 100.001-500.000	52	10.110.507	2.019.350.683	22,79%	21,57%	199,73
Máis de 500.000	6	7.624.295	3.076.587.703	17,19%	32,87%	403,52
TOTAL	7.593	44.363.836	9.359.987.446	100,00%	100,00%	210,98

PARTICIPACIÓN CONCELLOS GALEGOS PROVINCIAS
(Concellos Réxime Xeral e de Cesión Incluídas cantidades do IAE)



> CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias


23

> FINANCIAMENTO LOCAL

PARTICIPACIÓN CONCELLOS GALEGOS TRAMOS POBOACIÓN
(Concellos Réxime Xeral e de Cesión Incluídas cantidades do IAE)

Tramos de Poboación	Nº Municipios	Poboación	Total Participación €	€/Habitante
Ata 100 Habitantes	-	-	-	-
Entre 101-1.000 Habitantes	20	14.248	2.306.451	161,88
Entre 1.000-5.000 Habitantes	179	445.509	64.156.811	144,01
Entre 5.001-10.000 Habitantes	58	395.382	60.455.128	152,90
Entre 10.001-20.000 Habitantes	36	509.859	76.336.277	149,72
Entre 20.001-50.000 Habitantes	15	430.576	69.603.959	161,65
Entre 50.001-75.000 Habitantes	1	72.963	13.700.802	187,78
Entre 75.001-100.000 Habitantes	3	275.614	51.793.003	187,92
Entre 100.001-500.000 Habitantes	3	651.271	137.125.729	210,55
Máis de 500.000 Habitantes	-	-	-	-
TOTAL	315	2.795.422	475.478.160	170,09

COMPARATIVA FINANCIAMENTO LOCAL NOS ORZAMENTOS 2012 E 2013
(Participación nos Ingresos do Estado Entidades Locais)



Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

Nota: A contía que teñen que devolver os concellos correspondente ás liquidacións dos Anos 2008 e 2009, e que se descontará das Entregas a Conta, variará en función do número de concellos que se acollan ao disposto no Apartado 1 da Disposición Adicional Décima da Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2012.

LIQUIDACIÓNS PIE ANOS ANTERIORES

Previsión Liquidación 2011

- 20,15

Liquidación Ano 2010 (Percibida en 2012)

1.842,92

>

O reintegro das cantidades negativas dos anos 2008 e 2009

As cantidades percibidas por cada concello en concepto de Entrega a Conta da PIE para o ano 2012 son minoradas mensualmente como consecuencia de ter que reintegrar as contías resultantes da liquidación negativa correspondente á Participación nos Ingresos do Estado dos anos 2008 e 2009. A principal novidade é que na Lei de Orzamentos aprobada para o ano 2012 regúlase a posibilidade de que a devolución se poida realizar en 10 anos, en vez dos 5 anos vixentes ata este intre, sempre que se cumpra o disposto no apartado 1 da disposición final décima da Lei.

.....
24

Para poder acollerse a estas medidas, os concellos deben ter presentada a liquidación dos orzamentos xerais do exercicio 2011, ademais de garantir o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública. No caso de incumprir estes obxectivos, os concellos deberán aprobar un plan de axuste no que se contemplen as medidas necesarias para o seu cumprimento. A estes efectos, terá validez o plan de axuste aprobado no marco do Real Decreto-Lei 4/2012. Isto suporá o terceiro recálculo da entrega a conta neste ano 2012 para moitos concellos.

O prazo para ter entregada esta documentación remataba a finais de xullo, aplicándose a medida a partires do mes de setembro, aínda que con efectos do 1 de xaneiro de 2012. Aqueles concellos que nesa data non cumpran o disposto para poder acollerse á medida, poderán entregar a documentación necesaria posteriormente, con prazo máximo do 30 de setembro deste ano, aínda que para estes municipios, a medida aplicaríase a partires do 1 de xaneiro de 2013.



Os criterios de reparto da PIE

Concellos incluídos no Réxime de Cesión

- A Participación dos concellos incluídos no Réxime de cesión estrutúrase en 3 partes:
 - Cesión dunha porcentaxe do IRPF, IVE e de diversos Impostos Especiais
 - Fondo Complementario de Financiamento.
 - Compensación polas mermas de ingresos derivadas da reforma do Imposto sobre Actividades Económicas
- En Galicia, para o ano 2012, 6 concellos está integrados neste modelo de reparto: Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago de Compostela e Pontevedra.
- A partires deste ano, Ferrol, ata o de agora incluído neste Réxime, quedará encadrado no Réxime Xeral, por caída da súa poboación por debaixo dos 75.000 Habitantes, sen ter condición de Capital de Provincia ou de Comunidade Autónoma.

Concellos incluídos no Réxime Xeral

- Garántase como participación mínima a cantidade percibida por cada concello en concepto de liquidación definitiva correspondente ao ano 2003.
- As restantes cantidades repártense en función das seguintes variables e porcentaxes:
 - Número de Habitantes: 75 % ponderado polos seguintes coeficientes:

Nº de Habitantes	Coefficientes
Máis de 50.000 Habitantes	1.40
Entre 20.000-50.000 Habitantes	1.30
Entre 5.001-20.000 Habitantes	1.17
Ata 5.000 Habitantes	1.00

- Esforzo Fiscal: 12,5 %
 - / Para o cálculo tense en conta o IBI, o IAE e o IVTM
- Inverso Capacidade Tributaria: 12,5 %
 - / Para o seu cálculo tense en conta a relación existente entre as bases impositivas medias do Imposto sobre Bens Inmóveis urbanos por habitante de cada concello e a do estrato na que este se encadre.
- Como no modelo anterior, engádesse unha contía compensatoria da merma sufrida polos concellos como consecuencia da reforma do IAE.